a b k	B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	É capaz de recoñecer a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CSC CAA		Escalas de observación, Lista de control	4
			EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Practica diferentes xogos tradicionais galegos.	CMCC T CAA CSC		Escalas de observación, Lista de control	3

Educación Física 6º

3ª Avaliación

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Criterios cualificación (%)
a c d k m	B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e das demais persoas B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	É capaz de explicar aos seus compañeiros e compañeiras a mecánica dun xogo.	CCL CAA CSC	EO	Escalas de observación	4
			EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas desapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Expresa a súa repulsa ante actitudes impropias da práctica deportiva.	CSC CAA CSIEE	EC V	Rexistro anecdótico	5



	actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.		EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Amosa unha confianza nas súas propias capacidades.	CSC CSIEE CAA		Escalas de observación	5
i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	É capaz de expresarse con coherencia, corrección e respecto ante as discrepancias.	CCL CSC	EO EC V	Rexistro anecdótico	5
a k l n	B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e ás persoas ciclistas.	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Mellora a súa competencia motriz cunha participación activa.	CSC CAA		Rexistro anecdótico	5
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.		É capaz de espirse, ducharse, secarse e vestirse adecuadamente	CSC CSIEE CAA		Rexistro anecdótico	8	
	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.		Amosa boa disposición para axudar na recollida do material.	CSC	EC	Rexistro anecdótico	3	
	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.		Non manifesta contrariedade na elección de equipos nin ante o resultado nunha competición.	CSC CAA	V EC	Rexistro anecdótico	3	



b k m	B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.	B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Acepta as diferenzas corporais e motrices con normalidade.	CSC CAA	EC V	Rexistro anecdótico	3
b j k	B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	É capaz de xirar tendo en conta os dous eixos corporais sobre diferentes superficies sen perder o equilibrio.	CSC CCEE CAA CSIEE		Escalas de observación, Lista de control, Rexistro anecdótico	5



	<p>seguridade e autonomía: o medio natural.</p> <p>B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</p> <p>B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</p> <p>B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</p> <p>B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</p>		<p>EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.</p>	<p>Participa en diferentes actividades adaptando as habilidades motrices á incerteza da contorna.</p>	<p>CSC CAA</p>		<p>Escalas de observación</p>	<p>5</p>
<p>b d j k m o</p>	<p>B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e</p>	<p>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.</p>	<p>É capaz de executar danzas sinxelas da tradición galega.</p>	<p>CCEC CAA CSC CSIEE</p>		<p>Escalas de observación, Lista de control</p>	<p>2</p>



	<p>pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).</p> <p>B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.</p> <p>B4.5. Participación na composición e execución de producións en grupo a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.</p>		<p>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións en grupo en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.</p>	<p>É capaz de realizar diferentes composicións en grupo interactuando cos compañeiros e compañeiras.</p>	<p>CCEC CSC</p>		<p>Escalas de observación, Lista de control</p>	<p>3</p>
<p>b d j k</p>	<p>B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.</p> <p>B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</p>	<p>B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.</p>	<p>EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.</p>	<p>É capaz de apreciar a relación entre o desenvolvemento das capacidades físicas básicas e a mellora das habilidades motrices relacionadas coas actividades artístico-expresivas.</p>	<p>CMCC T CAA CSC</p>		<p>Escalas de observación, Lista de control, Registro anecdótico</p>	<p>5</p>



a b k	<p>B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).</p> <p>B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.</p> <p>B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.</p>	<p>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo</p>	<p>EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.</p>	<p>Mostra interese por mellorar as capacidades físicas.</p>	<p>CSIEE CAA</p>		<p>Escalas de observación, Lista de control, Rexistro anecdótico</p>	<p>4</p>
			<p>EFB5.1.3. Recoñece os efectos benéficos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.</p>	<p>Aprecia os beneficios do exercicio físico para a saúde, así como os prexudiciais.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>		<p>Escalas de observación</p>	<p>5</p>
			<p>EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</p>	<p>Ten adquiridos hábitos posturais saudables.</p>	<p>CSC CAA CCL CSIEE CMCC T</p>		<p>Escalas de observación</p>	<p>5</p>
k	<p>B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicolóxico.</p>	<p>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>	<p>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.</p>	<p>É quen de realizar de forma autónoma e sistemática os exercicios de quecemento.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>	<p>E</p>	<p>Escalas de observación</p>	<p>5</p>
			<p>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</p>	<p>É capaz de mellorar as súas capacidades físicas relacionadas coa saúde.</p>	<p>CAA CSC</p>		<p>Escalas de observación, Lista de control</p>	<p>5</p>
			<p>EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade</p>	<p>Aprecia o seu nivel físico a través dos resultados nas probas de evolución motriz.</p>				<p>5</p>



d k o	B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Coñece as diferenzas básicas dos xogos, deportes e actividades na natureza.	CCL CCEE CAA CSC		Escalas de observación, Lista de control	4
	B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.	B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	É capaz de responsabilizarse dos residuos que xera nas actividades no medio natural.	CSC CAA	V	Rexistro anecdótico	3
	B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. 6.9. Coñecemento, goce, coitado e valoración da natureza.		EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Respecta a flora e a fauna dos espazos naturais onde se desenvolve.	CSC CAA	EC	Rexistro anecdótico	3

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

O desenvolvemento de proxectos en torno ás materias de estudo será promovido como elemento enriquecedor e altamente motivador e por ser o xeito de afianzar as competencias clave.

Tentarase que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real.



Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva.

A metodoloxía orientarase ao desenvolvemento do alumnado, integrando as súas experiencias e aprendizaxes. O ensino terá un carácter persoal e adaptarase aos distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno e nena.

Dende un tratamento global do ensino, o desenvolvemento das capacidades motoras debe tratarse xunto ao doutras capacidades, potenciando para iso estruturas organizativas que favorezan o traballo conxunto do equipo docente relacionado coa Área de Educación Física.

Convén valorar o proceso de aprendizaxe, reflexionando constantemente sobre as súas actuacións e considerando o progreso do alumnado en relación co traballo realizado e a súa evolución, e non unicamente en función dos resultados obtidos: a participación en tarefas de clase, a súa actitude, o nivel de comunicación establecido, etc.; serán contemplados como criterios de avaliación.

A sistematización do proceso de ensino-aprendizaxe permitirá adecuarse ás diferenzas e peculiaridades do alumnado, detectadas mediante unha avaliación inicial. A planificación xoga un papel importante na intervención a partir da devandita situación, considerando que as diferenzas individuais non deben supor formulacións discriminatorias, senón que todo o alumnado debe progresar e desenvolver, na medida das súas posibilidades, as capacidades enunciadas nos obxectivos da área. Por iso establécense controis físicos periódicos, así como a solicitude de información detallada aos pais a principios de curso sobre enfermidades, dificultades, problemática persoal, etc.

Na aprendizaxe desta etapa o xogo constitúe o eixe en torno ao cal deben xirar as actividades motoras; xa sexa de forma regulada ou espontánea.

O desenvolvemento de habilidades e destrezas debe partir daquelas consideradas como básicas, que teñen que estar sistematizadas e atender ao logro das habilidades xenéricas para posteriormente alcanzar as específicas. Neste ciclo o traballo vai dirixido fundamentalmente ao desenvolvemento de habilidades básicas e xenéricas enlazadas e combinadas (carreira + pase, bote + carreira, etc.), como base para a iniciación á práctica de habilidades deportivas.

Co desenvolvemento destas habilidades non se busca o éxito deportivo, senón o desenvolvemento harmónico das capacidades do alumnado. Propórase unha variada gama de actividades que poidan practicarse no contorno, favorecendo a transferencia a posteriores etapas educativas e a diferentes momentos de ocio e recreación.



O tempo destinado á Educación Física debe programarse coidadosamente. Deste modo determinaremos períodos relacionados coa iniciación ou quentamento, coa relaxación ou volta á calma e co aseo na finalización das sesións.

Buscaremos materiais que posúan un carácter multifuncional e carente de perigo que favorezan notablemente a práctica da Educación Física.

En todo momento haberá que garantir a seguridade do alumnado, valorando periodicamente o seu estado físico co obxecto de evitar riscos e acondicionando as actividades propostas ao desenvolvemento normal de cada nena e neno. O coidado das instalacións e o seu uso, a manipulación correcta dos materiais, a adecuación dos exercicios aos niveis do alumnado,... son algúns dos factores que inciden no aumento da seguridade na práctica da Educación Física.

O papel do mestre é básico para a eliminación dos estereotipos, potenciando a igualdade de roles e a participación en grupos mixtos. A súa función non debe limitarse a unha proposta de tarefas senón que debe animar á realización positiva destas á vez que establecer medidas equilibradas que fagan da sesión de Educación Física un espazo lúdico pero tamén de "traballo planificado".

Os agrupamentos do alumnado variarán en función dos obxectivos a conseguir e das tarefas a realizar.

Utilizaranse nas distintas sesións as diferentes metodoloxías e estilos de ensino propios da área: mando directo, asignación de tarefas, microensinanzas, etc.

Teremos en conta aos alumnos con problemas de adaptación escolar realizando adaptacións curriculares en función das súas características e peculiaridades. Prestarase atención aos agrupamentos, a adaptación das tarefas, etc.

En función dos obxectivos que perseguimos neste nivel educativo e das características evolutivas e motoras do alumnado, propónse unha metodoloxía específica da área que se caracteriza por:

-O alumnado non será un mero realizador das tarefas propostas, senón que se debe coñecer o por que destas, favorecendo unha aprendizaxe comprensiva.

-Partiremos de condutas motoras globais para dirixirnos cara a movementos máis específicos e analíticos.

-Utilizaremos durante todo o proceso de ensino técnicas mixtas, en función do contido a traballar e do momento da sesión. Os medios de expresión empregados habitualmente serán verbais e visuais, a través de explicacións e demostracións por parte do mestre e/ou dalgún/ha compañeiro/a.



-As tarefas e actividades deben ser motivadoras e atractivas. Isto pode conseguirse a través do xogo, da proposición de novas actividades que su-
poñan unha superación persoal (atendendo tamén ao seu nivel de esforzo) e da diversidade de materiais e contornos.

-O proceso de ensino-aprendizaxe debe favorecer situacións de interacción para fomentar a participación e cooperación entre o alumnado e así favo-
recer a súa socialización, xa que neste período adoitan aparecer pequenos grupos de amigos.

-En todo momento debe garantirse a seguridade do alumnado.

-A iniciación deportiva, baseándose no traballo previo de habilidades básicas e xenéricas, buscará potenciar o xogo global por enriba dunha aprendi-
zaxe técnica exhaustiva. Por iso, traballaranse deportes novos e xogos con materiais alternativos, sen descoidar os xogos e deportes populares e tra-
dicionais.

O bloque de saúde presidirá a formulación e execución de todas as actividades así como o final destas, xa que se destinará o tempo suficiente para
quecemento, volta á calma e aseo persoal ao remate de cada sesión. A ducha coa indumentaria adecuada estará controlado polo propio mestre de
Educación Física cunha lista control, sendo establecido como un criterio de avaliación. O tempo máximo destinado a este fin será de 15 minutos.

Materiais e indumentaria do alumnado

Chándal, camiseta de manga curta e calzado deportivo con calcetíns.

Hixiene persoal: Toalla, chancletas, camiseta, calcetíns e calzón/bragas.

Recursos

Pavillón polideportivo, patio cuberto e patio de recreo (con campos de fútbol sala e baloncesto)

Vestiaros con duchas

Material deportivo diverso (aros, cordas, colchóns, pelotas, bancos suecos, raquetas...)

Recursos do contorno (pistas atletismo, carril-bici, pavillón polideportivo municipal, rocódromo,...)

Aula de informática

Aos alumnos/as se lles informará ao comezo de cada trimestre de:

Os obxectivos da materia para ese período do curso



Os criterios de avaliación que se seguirán

Os mínimos esixidos para a superación da materia.

Procedemento para a avaliación inicial.

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar a condición física e as habilidades motrices do alumnado e marcarnos así o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

Procedemento de avaliación continua.

Como se desprende dos instrumentos de avaliación que se mostran na programación do curso, a avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través da análise das súas producións, folla de rexistro diario, ficha de seguimento e evolución motriz, listas de control e verificación, traballos de investigación...

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará:

Nivel de logro dos obxectivos mínimos

Grao de adquisición das competencias clave

Nivel de desenvolvemento motriz e condición física

Nivel de participación activa do alumnado nas actividades propostas

A actitude cara as aprendizaxes e o coidado do material e as instalacións

A actitude fronte do traballo cooperativo

O comportamento na interacción cos/coas compañeiros/as e co mestre

A participación na clase co material, roupa e calzado adecuados



A hixiene corporal ao remate da actividade física e a asistencia cos útiles necesarios para a ducha

Nas sesións de avaliación se tomarán medidas para o reforzo educativo do alumnado que non acaden un desempeño axeitado.

Aqueles alumnos, que por padecer algún problema físico ou enfermidade, non poidan participar nas clases de Educación Física con regularidade, non serán avaliados nese trimestre (ou no curso, se fose o caso).

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
--	--	---



	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
	Gran grupo	
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais.

Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				



Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con NEAE				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				

Programación Didáctica Ceip Condessa de Fenosa (O Barco de Valdeorras)



Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				